

5- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación como proceso informativo aos país e aos propios alumnos, formalizarase en tres datas que coincidirán co final dos períodos lectivos correspondentes ao inicio das vacacións de Nadal, Semana Santa e verán.

Este proceso avaliativo será o resultado da avaliación inicial, formativa e continua que será levada a cabo ao longo de todo o curso e que rematará nunha sesión de avaliación final na que se tomarán os acordos definitivos.

Independentemente do nivel a impartir, o criterio que se debe ter en conta é a globalidade; entendemos que non se pode coñecer un idioma "por partes" senón que este é un conxunto onde hai que valorar a totalidade, desde a expresión oral ata a escrita en todas as súas formas o que nos leva polo tanto a avaliación continua. Así pois o alumno-a debe demostrar ao rematar o curso que domina fluidamente a estrutura da lingua.

5.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación para os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais dos diferentes cursos foron xa sinalados no epígrafe correspondente. (Punto 2 da Programación)

5.2- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

5.2.1- SISTEMA DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA 1º E 2º DA E.S.O.

A nota final de cada trimestre será o resultado de ter en conta, por igual, as notas (de **1 a 10**) relativas ás **PROBAS ESCRITAS, TRABALLOS OBRIGATORIOS E VOLUNTARIOS, CADERNO DE ACTIVIDADES, LECTURA, GALEGO ORAL, PREGUNTAS DE TIPO ORAL, ACTITUDE NA CLASE e TRABALLO DIARIO**, incrementada ou diminuída (desde -0,5 puntos ata +1 punto para cada un dos casos) segundo o seguimento levado a cabo tanto respecto das actividades de **BIBLIOTECA** (lectura de libros comprobada a través das correspondentes fichas e dos comentarios orais que deles faremos na clase) como das **ACTIVIDADES A CUMPRIMENTAR NA CASA** (feitas e sen facer).

PROBAS ESCRITAS: Ao longo de cada trimestre faremos un mínimo de dúas probas escritas de distintos tipos nas que levará **unha nota** (de **1** a **10**) que será o resultado de valorar os coñecementos, a expresión escrita e a ortografía, basicamente.

TRABALLOS: TRABALLO OBRIGATORIO, en cada trimestre haberá un traballo obrigatorio, manuscrito, que terá como tema algunha das actividades programadas (historieta, contos, historias, xéneros periodísticos, un diario, etc.) ou algún tema que sexa do interese da clase e aceptado pola maioría. Este traballos poderán ser individuais ou colectivos, segundo se determine en cada caso. A valoración será **unha nota** (de **1** a **10**), resultado de ter en conta a presentación, orixinalidade, expresión escrita, faltas e acentos, así como os contidos respecto ao tema proposto.

TRABALLOS LIBRES, ao longo do curso os alumnos poderán presentar traballos (ata un máximo de cinco), de tema libre, relacionados coa cultura, a Lingua ou a Literatura galegas, que poderán facer ben individualmente ou en grupo. Terán **unha nota** (de **1** a **10**) que será o resultado de avaliar a orixinalidade, presentación, expresión escrita, faltas e acentos, así como a relación dos contidos co tema proposto.

CADERNO DE ACTIVIDADES: En cada trimestre revisaremos a libreta de Galego de cada alumno a fin de valorala **cunha nota** (de **1** a **10**) na que teremos en conta a presentación, se está completa (todas as actividades propostas feitas e corrixidas), a expresión escrita e faltas e acentos.

LECTURA: Cada alumno terá **unha nota** (de **1** a **10**) produto do seguimento da lectura individual e observando o ritmo, a entoación e a velocidades lectora, procurando respectar as características individuais.

GALEGO ORAL: Ao largo do curso, faremos un seguimenmto individual da expresión oral a través das conversas cos alumnos, actividades e, sobre todo, da maneira de contar historias oídas, lidas ou inventadas que, en clases alternas, iremos facendo con todo o alumnado e quedará reflectido **nunha nota** (de **1** a **10**) que valorará o desenvolvemento no galego oral de cada alumno.

PREGUNTAS DE TIPO ORAL: Durante cada avaliación procuraremos que todos os alumnos respondan, polo menos unha vez, a preguntas individuais que terán relación co temario xa dado ou aspectos do temario que, nalgún caso, puntualmente se sinalarán. Serán valorados **cunha nota** (de **1** a **10**), que no caso que sexa negativa poderán recuperar

presentándose voluntariamente na seguinte clase e superando a proba.

ACTITUDE NA CLASE E TRABALLO: Haberá unha valoración con nota (de **1 a 10**) na que se terá en conta a actitude do alumno/a durante a realización das actividades respecto á materia, aos compañeiros, ao profesor e ao traballo diario así como o esforzo por mellorar.

BIBLIOTECA: Todos os alumnos teñen a obriga de practicar a lectura a fin de conquistar un hábito lector e procurar disfrutar dela, ben recollendo en préstamo libros de lectura da biblioteca do centro, ben con libros propios axeitados que, en ámbolos casos, anotarán na ficha individual que teñen preparado na carpeta da biblioteca e, de cada libro, elaboraran unha ficha cun breve resumo, a opinión persoal e unha valoración cuantitativa de cada un dos libros lidos que lle servirá ao profesor para comprobar se realmente o libro anotado foi lido. O normal será a lectura de 2 / 3 libros por avaliación, se len menos a nota influirá negativamente ata medio punto e se len máis, a nota influirá positivamente ata un punto, tendo como referencia a media de toda a aula. A valoración terá en conta tanto o nº de libros lidos como o rigor da ficha elaborada en todos os seus aspectos.

ACTIVIDADES A CUMPRIMENTAR NA CASA: Cada vez que leven algunha actividade para facer ou completar para a casa (buscar información, facer ou completar exercicios, etc.), controlárase de xeito inmediato e individual a fin de detectar que alumnos/as se preocupan por realizar ditas actividades e cales as deixan sen facer, tendo en conta de que terán outra oportunidade a fin de que as poida facer para a seguinte clase, por se houbo causa xustificada ou olvido, que lles impedira presentalos feitos. Resultado deste seguimento haberá **unha nota** que suporá ata medio punto negativo para aqueles que habitualmente non os fagan e ata un punto positivo para aqueles que, normalmente, os traian feitos sempre tomando como referencia o traballo de toda a clase.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

Os alumnos e alumnas que en xuño non saquen unha calificación de aprobado en Lingua Galega de 1º e Lingua e Literatura de 2º de E.S.O., terán unha PROBA EXTRAORDINARIA durante o mes de setembro do mesmo ano, cuxa data se comunicará a través dun cartel informativo no propio I.E.S.

Durante o mes de xuño, xunto co boletín de notas, a aqueles alumnos e alumnas que non teñan superado a Lingua Galega en 1º e Lingua e Literatura Galega en 2º da E.S.O., entregaráselles un PLAN DE TRABALLO a levar a cabo durante o verán, onde figurarán os

contidos mínimos a traballar, as actividades fundamentais a realizar, que se recollerán nun caderno e, a posibilidade de facer algún traballo libre, relacionado coa lingua, a literatura e a cultura galegas, que deberán presentar no seu caso, cando se presenten á proba extraordinaria durante o mes de setembro.

5.2.1.1- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Para avaliar a proba extraordinaria de setembro, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Unha nota (de 1 a 10) para a proba escrita que se fará no mes de setembro, que estará relacionada co proposto no PLAN DE TRABALLO entregado en xuño.
- Unha nota (de 1 a 10) pola libreta coas actividades propostas feitas, tendo en conta basicamente a presentación, a curiosidade, a expresión escrita (lingua, ortografía, gramática, ...) e a realización das actividades.
- Dado que os traballos son voluntarios, só se terán en conta a aqueles alumnos que os presenten e, en ningún caso terán unha valoración negativa, é dicir, inferior ao 5.
- A nota final será a nota media entre a calificación da proba escrita, do caderno e, no seu caso, o traballo ou traballos libres que presente cada un dos alumnos/a

5.2.2 – SISTEMA DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA 3º e 4º DA E.S.O.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na avaliación da área teranse en conta os seguintes aspectos:

Probas (Individuais + traballos en grupo)	De 0 a 8 puntos (7 exame + 1 traballo)
Lecturas	De 0 a 1 punto
Traballo, participación na aula e caderno de clase	De 0 a 1 punto

Probas

Realizaranse unha ou varias probas en cada trimestre.

Poden incluír traballos en grupo, realizados por un mínimo de 3 e un máximo de 4 alumnos/as. O tema será proposto pola profesora. Oportunamente cada grupo escollera o tema dos expostos nunha folla colocada na aula. Valorarase nos traballos:

-Traballo escrito presentado con corrección a man ou ordenador. Terase en conta positivamente a utilización rigorosa de fontes bibliográficas (libros, revistas, información obtida por internet) e negativamente copiar traballos.

-Exposición oral do mesmo na aula. Tempo máximo por grupo: 20 minutos (porén , é preferible expoñer pouco e ben, que moito e lido). A valoración será a seguinte:

- Calidade do contido e corrección: 60%
- Variedade e rigorosidade das fontes: 20%
- Exposición oral: 20%

A puntuación das probas será a media de todas as realizadas en cada avaliación.

En ditas probas baixarase **0,10 por cada falta de ortografía ou expresión.**

Lecturas

Na aprendizaxe da lingua xoga un papel importante a dimensión estética que representa a literatura, e o camiño máis axeitado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación.

En cada avaliación lerase, con carácter obrigatorio, **como mínimo 1 libro.**

Traballo, participación na aula e caderno de clase

Valorarase positivamente na dinámica da clase a realización dos exercicios ou actividades de forma individual ou en grupo e a participación voluntaria (+0,5, a sumar as outras notas). Valorarase negativamente as actitudes que impidan ao resto dos compañeiros unha aprendizaxe axeitada, así como a falta de puntualidade, a actitude pasiva, e calquera comportamento inadecuado na aula ou, de realizárense, nas actividades extraescolares relacionadas coa área (-0,5).

No caderno de clase térase en conta: (+0,5)

-Que estean todas as actividades realizadas. En caso de faltas de asistencia, o/a alumno/a terá que completar o que se fixo na súa ausencia.

-Presentación, orde, limpeza e ortografía.

-Valorarase negativamente a presentación de actividades sen corrixir. (-0,5)

Observacións

- A cualificación de cada avaliación parcial será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado.
- **A avaliación será continua e formativa**, de tal xeito que os contidos vistos en cada trimestre voltarán a ser materia de exame na avaliación seguinte. En ningún caso se poderán deixar en branco as preguntas específicas da avaliación anterior, o exame ten que estar, neste sentido, compensado, de non estalo o alumno non será avaliado positivamente.

- A **cualificación final** obterase da puntuación acadada na derradeira avaliación, así como da progresión do alumno ou alumna durante o curso académico. A nota será numérica.

5.2.2.1- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO .- 3º E 4º DE ESO

Os alumnos e alumnas de 3º e 4º de ESO que non superen a materia de Lingua Galega e Literatura na avaliación final do mes de xuño disporán dunha convocatoria extraordinaria no mes de setembro na que serán avaliados a través dunha proba escrita e dun control de lectura.

PROBA ESCRITA: versará sobre os contidos mínimos de lingua e literatura vistos ao longo do curso. A profesora entregará no mes de xuño, xunto co boletín de notas, a relación de contidos de lingua e de literatura que serán obxecto de avaliación na convocatoria de setembro. Esta proba suporá o 90% da nota final.

CONTROL DE LECTURA: os alumnos terán que ler con carácter obrigatorio un libro de lectura marcado pola profesora do que serán avaliados a través dun breve cuestionario sobre o seu argumento. Este control suporá un 10% da nota final.

5.3 PUBLICIDADE DOS PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

O Departamento de Lingua Galega e Literatura informará aos alumnos e aos pais dos procedementos de avaliación contidos na programación didáctica.

Os alumnos disporán no taboleiro das aulas dunha copia dos criterios e instrumentos de avaliación, así como dos criterios de cualificación. Os pais serán informados dos mesmos na reunión que a principios de curso teñen cos profesores e estarán dispoñibles para a súa consulta en calquera momento do curso escolar na programación didáctica do departamento.

5.4 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Entre as técnicas e instrumentos para avaliar teremos fundamentalmente en conta as seguintes:

- Coñecemento da estrutura da clase a través da observación directa.
- Observación do traballo diario na clase así como das actividades levadas a cabo fóra da aula, valorando a actitude, esforzo e atención. Dita observación quedará recollida no diario de clase do profesorado. Adxuntamos modelo de diario de clase do profesor. (Véxase Anexo1)

- Análise das tarefas a través dos cadernos de traballo, libros, traballos individuais e en grupo tanto feitos no centro como fóra del (tentarase que en cada avaliación o alumnado teña que realizar como mínimo un traballo sobre os contidos da materia)
- Probas específicas que versarán sobre os contidos vistos nas aulas e que serán escritas e orais (ditas probas serán o máis obxectivas posibles, o alumnado coñecerá en todo momento a puntuación parcial outorgada polo profesor a cada cuestión)
- Control da lectura de libros, tanto da biblioteca de aula coma da biblioteca de Centro, elaborando unha ficha de cada un deles, ou ben facendo comentarios dos mesmos ben de xeito oral ou escrito.
- Autoavaliación: tentarase que os alumnos sexan responsables do seu propio proceso de aprendizaxe, deste xeito periodicamente o alumnado autoavaliarase para tomar conciencia dos seus avances, atrancos e retrocesos e así chegue a responsabilizarse da súa educación.
- Entrevistas cos pais e titores.